

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2023

Ás 10.00 horas do día 27 de xaneiro de 2023, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora.: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez, xustificando a súa ausencia (quen emitiu o seu voto de forma non presencial).

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto cuarto da orde do día, e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver videoacta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2022.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de decembro de 2022.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 23 de decembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

Antes de continuar cos asuntos da orde do día, e estando de acordo todos os grupos da Corporación Provincial, o Sr. presidente dá lectura á seguinte **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**:

2023, o ano no que as cifras do cancro se disparan: vaino ter 1 de cada 2 homes, así como 1 de cada 3 mulleres.

Só en España cada hora diagnósticanse 32 novos casos e é a segunda causa de morte no noso país.

Con estas cifras, é o momento de pasar á acción e de multiplicar o esforzo na loita contra o cancro.

O Goberno de España declarou a iniciativa “Todos Contra o Cancro”, como Acontecemento de Excepcional Interese Público (2022-2024), unha oportunidade sen precedentes para

concienciar e mobilizar á sociedade española sobre a importancia de sumar os recursos e as capacidades de todos ao redor dun gran programa de acción contra o cancro, que incremente os recursos dispoñibles para proxectos de prevención, investigación, atención e divulgación.

É o momento de dar o primeiro paso para conseguir cambiar as cifras, “Todos Contra o Cancro” ten unha misión moi clara: alcanzar o 70% da supervivencia en cancro en España para 2030.

Por todo iso, pedimos un esforzo para impulsar o proxecto “Todos Contra o Cancro” e así conseguir os seguintes retos:

- 1. Divulgación: visibilizar o cancro e o seu impacto na sociedade buscando a mobilización social ao redor da causa do cancro.*
- 2. Prevención: incrementar a concienciación social sobre a prevención e detección precoz do cancro, e fomentar a adopción de hábitos de vida saudables e participación en programas de detección precoz por parte da sociedade.*
- 3. Atención: incrementar a atención a pacientes e familiares para mitigar e paliar as necesidades clínicas e non clínicas.*
- 4. Investigación: incrementar a investigación oncolóxica para que aumente a taxa de supervivencia en cancro, e buscar a excelencia e a translacionalidade, de forma que os resultados lle cheguen ao paciente grazas ao financiamento.*

O que fagamos hoxe pode cambiar o noso mañá, pero só se nos unimos “Todos Contra o Cancro”.

2º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE NÚM. 1/2023.-

A Sra. interventora dá conta do contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para indicar que o seu grupo, por respecto á autonomía municipal de cada concello, se vai abster na votación deste asunto, engadindo que non terían que facerse este tipo de modificacións

obxectivas nas subvencións se a Deputación fixese un reparto que non fose inxusto e escaso para os concellos desta provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez), de DO (2), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2023, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2023.

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” nos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha serie de subvencións nominativas ao **Concello de Cartelle** para,

FINALIDADE	IMPORTE
Acondicionamento camiños municipais en Lamas de Outeiro, Outomuro, Vilar, Canceliño, Veiguiña e Santa Baia	48.000,00 €
Mellora da capa de rodadura en Sabuz, Calvelos, Outomuro, Miros e Seixadas	48.000,00 €

Con base na solicitude presentada polo Concello de Cartelle de data 17 de novembro de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio das finalidades** das subvencións pasando a ser para,

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

FINALIDADE	IMPORTE
Rede de abastecemento e saneamento en Carballal, A Lagoa, Teixugueiras, Seara, Cartelle e O Carregal	48.000,00 €
Obras de mellora na área de autocaravanas en Nogueiro	48.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” nos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha serie de subvencións nominativas ao **Concello de Padrenda** para,

FINALIDADE	IMPORTE
Mellora camiños en Vilar	48.000,00 €
Mellora camiños Ludeiro	48.000,00 €
Mellora camiños en Notaría	48.000,00 €

Con base na solicitude presentada polo Concello de Padrenda de data 15 de novembro de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio das finalidades** das subvencións pasando a ser para,

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

FINALIDADE	IMPORTE
Cuberta do campo da festa en Gorgua	48.000,00 €
Reforma de instalación da piscina municipal	48.000,00 €
Mellora camiños Notaria	48.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” nos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Castrelo de Miño** para,

FINALIDADE	IMPORTE
Camiño de acceso ao núcleo de Ramirás	48.000,00 €

Con base na solicitude presentada polo Concello de Castrelo de Miño de data 26 de decembro de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser para,

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

FINALIDADE	IMPORTE
Instalación de cuberta para vehículos anexo ao edificio do Concello	48.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

3º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS PARA PROXECTOS EMPRESARIAIS OU DE AUTOEMPREGO EN MUNICIPIOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego.

Non se producen intervencións e por unanimidade (incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar a modificación do texto refundido das bases reguladoras das subvencións para proxectos empresariais ou de auto - emprego en municipios rurais de menor poboación, no marco do proxecto EmprendOu, publicado no Boletín Oficial da provincia de Ourense, de data 07 de xaneiro de 2021 (BOP número 4), nos seguintes termos:

Primeiro. A base primeira queda redactada da forma seguinte:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da tramitación, concesión e xustificación das subvencións que outorgue a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de auto emprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense durante o exercicio 2019, 2020, 2021,2022 e ata o 31 de marzo de 2023, no marco do proxecto EmprendOu.

Segundo. A base cuarta. Contía, quedará redactada da forma seguinte:

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes consistirá nunha axuda económica equivalente ao 75 % do salario mínimo interprofesional por cada mes de exercicio efectivo da actividade subvencionada, cun mínimo de 6 meses e un máximo de 12 meses. Estes períodos terán que cumprirse antes do 31 de marzo de 2023, data límite ata a que se subvencionarán os proxectos presentados.

2º) Publicar este acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A ELECCIÓN DIRECTA DOS DEPUTADOS E DEPUTADAS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza a súa intervención dando lectura á moción do seu grupo na que sinala que a elección indirecta dos deputados e deputadas das corporacións provinciais, é un sistema obxecto de crítica desde a súa xénese, principalmente, polo seu déficit democrático. En lugar de ser elixidos directamente pola veciñanza a través das urnas, os cargos políticos das deputacións son escollidos, nunha fase posterior á constitución formal das entidades locais, entre os concelleiros e concelleiras electos en todos os municipios da provincia. Esta elección ten lugar en segundo plano mediante un sistema electoral de segundo grao, que divide as provincias en circunscricións de menor tamaño. Concretamente, nos partidos xudiciais –unidades territoriais da administración de xustiza ás que se recorreu por tradición do dereito local– existentes no ano 1979, que escollen un determinado número de deputados e deputadas en función da poboación censada. Tralas eleccións, os partidos políticos, coalicións, federacións ou agrupacións de electores designan, en función dos resultados obtidos en cada partido xudicial, aos concelleiros e concelleiras que, unha vez proclamados como deputados ou deputadas pola xunta electoral, conformarán os seus grupos provinciais. Unha vez feita esta proclamación e trala constitución do pleno provincial, o presidente é elixido pola propia corporación de entre os seus integrantes. Este sistema indirecto permite que un reducido grupo de persoas teña un gran poder na elección de cargos públicos que, sen embargo, representan a toda a cidadanía e, polo tanto, que teñan moita influencia no reparto do poder político e dos recursos económicos asignados ás deputacións e ás provincias. Nun sistema plenamente democrático como o noso, esta elección debería recaer directamente no pobo,

ao igual que sucede no resto de institucións parlamentarias do Estado. Ademais, este proceso electivo pasa totalmente desapercibido para a inmensa maioría da veciñanza xa que, durante as campañas electorais dos comicios locais, nin se presentan programas electorais provinciais nin se publicitan candidatos ou candidatas á presidir as deputacións. É un proceso practicamente invisible... salvo na nosa provincia. Durante os últimos mandatos, o actual presidente da Deputación de Ourense defendeu nos seus discursos un presunto programa electoral provincial –incumplido reiteradamente– e tamén a elección directa deste cargo presidencial nas eleccións locais, a pesar de que esas prácticas foron unicamente propaganda persoal, xa que carecían de efecto legal algún. Desde o PSdeG-PSOE consideramos que colocar urnas nas eleccións locais, co fin de executar unha elección directa dos integrantes das corporacións provinciais, é unha medida necesaria para fortalecer a representatividade democrática; aumentar a confianza dos cidadáns nestas institucións; para garantir maior transparencia e para impulsar a rendición de contas. De feito: este método electivo indirecto, constitúe unha excepción entre os países membros da Unión Europea, onde os representantes locais son elixidos, en todo caso, directamente polos electores e electoras. A elección directa das corporacións das deputacións permitiría que a veciñanza teña un maior control sobre quen ocupan estes postos e sobre como se toman as decisións nas súas respectivas provincias. Actualmente, moitos presidentes de deputacións son elixidos a través de acordos de dubidoso interese xeral ou próximos a certos grupos de poder, o que pode levar á adopción de decisións pouco representativas da vontade da poboación. Incluso a prácticas irregulares. Coa existencia destas urnas para a elección directa, a veciñanza podería expresar directamente as súas preferencias e valorar o traballo realizado no caso de optar a unha reelección do cargo, asegurando que sexan elixidos gobernos provinciais que realmente representen os intereses xerais. Ademais, estas urnas tamén axudarían a reducir a posibilidade de calquera tipo de fraude electoral, por pequeno que fora, e a garantir que este proceso sexa moito xusto. As urnas sempre son unha figura fiable para asegurar que se respecte a vontade da poboación. Estamos pois ante unha necesidade perentoria en favor da plena democracia. De feito, a posta en marcha deste sistema, non sería unha novidade no ecosistema electoral español. A elección directa dos deputados e deputadas provinciais en circunscricións plurinominais, xa foi incorporada ao proxecto de lei orgánica de eleccións provinciais elaborado polo goberno de Leopoldo Calvo-Sotelo a comezos dos anos oitenta do pasado século, pero nunca chegou a

formalizarse a nivel estatal pola disolución das Cortes Xerais. Sen embargo, si frutificou en Euskadi e nas Illas Canarias, onde os integrantes das xuntas xerais e dos cabidos insulares son sometidos a este sistema electivo. Esta elección directa incluso conta con precedentes a nivel estatal, xa que a Lei Orgánica Provincial de 1882 recoñecía o sufraxio en comicios provinciais a todos os españois maiores de idade. Desde a reinstauración da democracia en España trala morte do ditador, Francisco Franco, difundíronse varias propostas de reforma do procedemento indirecto, para avanzar cara esa democracia plena, converxendo así co resto de Europa. Poden agruparse en tres grandes modelos: un sistema mixto combinando elección directa pola veciñanza duns deputados ou deputadas e elección indirecta doutros polos concelleiros e concelleiras; un novo procedemento directo con candidaturas propias como nas restantes entidades locais e a reforma do sistema actual, corrixindo simplemente algunhas deficiencias e disfuncións. O propio presidente provincial ourensán actual, Manuel Baltar, manifestou en varias ocasións, sempre en coloquios ou nos medios de comunicación, o seu anhelos de que a elección dos presidentes ou presidentas das deputacións sexa directa e simultánea a das restantes entidades locais. Mais nunca fixo proposta formal algunha mediante iniciativas políticas neste plenario ou propostas legislativas para incorporar formalmente esta idea á axenda parlamentaria das Cortes Xerais. Por iso cremos que chegou o momento de deixar de lado a propaganda e dar un paso adiante en favor da democracia plena. Os e as socialistas ourensáns defendemos que a elección directa é unha medida que contribuiría á democratización da política e á transparencia máxima nas eleccións locais, facilitando o acceso de todos e todas a este proceso e promovendo a participación cidadá. Ao poder votar nun lugar próximo aos integrantes políticos das súas deputacións, a veciñanza de Ourense e do resto de provincias, poderá exercer o seu dereito ao sufraxio dunha forma máis consciente e clara, sentíndose parte do proceso democrático que construírá as políticas provinciais. Tamén permitiría outorgar maior protagonismo político ás deputacións provinciais, asumindo así unha maior responsabilidade na rendición de contas por parte destes representantes públicos, xa que, ao ser elixidos directamente pola poboación, estarán obrigados a atender as súas demandas e a traballar, en todo caso, en beneficio da comunidade que os reelixiría directamente. En conclusión: a instalación de urnas nas eleccións locais para a elección directa dos deputados e deputadas integrantes deputacións provinciais, é unha medida que promove a democracia, a transparencia e a participación cidadá no futuro da provincia, e

que garante unha maior responsabilidade na rendición de contas por parte dos e das representantes da veciñanza, tanto no goberno como nos grupos políticos que conforman a oposición. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1.- A Deputación Provincial de Ourense insta ao Goberno de España a impulsar unha iniciativa legislativa para a reforma da Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral e de toda aquela legislación que sexa necesario modificar, para aprobar a elección directa dos deputados e deputadas das corporacións das deputacións provinciais, co obxectivo de fortalecer a representatividade democrática; aumentar a confianza dos cidadáns nestas institucións; para garantir maior transparencia e para impulsar a rendición de contas dos cargos políticos destas institucións. 2.- A Deputación Provincial de Ourense insta ao Parlamento de Galicia a solicitar do Goberno central a adopción dun proxecto de lei ou remitir á Mesa do Congreso unha proposición de lei que impulse a reforma da Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral e de toda aquela legislación que sexa necesario modificar, para aprobar a elección directa dos deputados e deputadas das corporacións das deputacións provinciais, co obxectivo de fortalecer a representatividade democrática; aumentar a confianza dos cidadáns nestas institucións; para garantir maior transparencia e para impulsar a rendición de contas dos cargos políticos destas institucións. 3.- A Deputación Provincial de Ourense insta a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a promover os cambios legislativos que sexan necesarios para aprobar a elección directa dos deputados e deputadas das corporacións das deputacións provinciais, co obxectivo de fortalecer a representatividade democrática; aumentar a confianza dos cidadáns nestas institucións; para garantir maior transparencia e para impulsar a rendición de contas dos cargos políticos destas institucións. Engade que esta reivindicación ten moito máis sentido nunha administración como esta Deputación, que é unha excepción para o sistema democrático en España e en Europa. Por elo insta a que exista voto directo e elección directa, nunha urna, nas eleccións locais, para a elección dos deputados e deputadas provinciais, para que estes sexan representantes directos da vontade popular e poidan así render contas axeitadamente, como sucede noutros lugares de Europa.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para facer unha pequena reflexión indicando que cando o voceiro socialista fala dun sistema caciquil para a elección do presidente desta Deputación, como lle chama entón á elección do candidato do PS de G-PSOE para a alcaldía da cidade de Ourense, que se fixo eliminando as primarias e cun

“dedazo”. Engade que aínda estando de acordo coa moción, lle resulta curioso que sexa o grupo socialista o que pregoe a elección directa e logo na súa casa fan exactamente o contrario, tanto a nivel provincial como nacional. Remata indicando que está a favor das propostas de acordo da moción e que a vai apoiar.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a súa intervención sinalando que a moción está ben que a debatamos neste pleno, pero que sen dúbida o lugar máis acaído é o Congreso dos Deputados, xa que parece que aquí todos os grupos imos estar de acordo, pero quen ten que aprobalo non somos nós, senón as Cortes Xerais. Engade que esta mesma semana o Sr. Feijóo perdeu unha boa oportunidade coas medidas institucionais que presentou en Cádiz, xa que non presentou ningunha nesta liña. Sinala que o PSOE hai ben pouco chegara a un acordo co partido de Ciudadanos para suprimir as deputacións, e que o BNG claramente ten unha postura a prol da supresión destas institucións, pero insiste en que o voto a esta moción vai ser a favor, xa que supón un avance na democratización, pero que onde debe tramitarse este tipo de acordos é no Congreso dos Deputados, e que esta é unha eiva máis do sistema democrático do Estado español. Sinala que non ten sentido a existencia das deputacións dentro do Estado autonómico, e que si hai CCAA que funcionan sen deputacións, Galicia e outras tamén o poderían facer. Remata indicando que o BNG estará de acordo en votar esta iniciativa se se formula no Parlamento de Madrid e que sen embargo ten dúbidas do que votarían os deputados e deputadas do PP ou do PSOE.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): toma a palabra para indicar que o sufraxio electoral directo aumentaría a democracia desta institución, e que para isto debería facerse unha reforma de calado desde o Parlamento de Madrid. Engade que xa metidos nunha reforma poderían abordarse aspectos como o día de realización das eleccións, que non terían porque estar vinculadas ás municipais. Os potenciais deputados e deputadas poderían ser independentes dos concelleiros e concelleiras, como é actualmente, e que deberían ser uns grandes coñecedores da provincia en xeral. Tamén podería formularse un cambio nas competencias das deputación, redefinindo estas. A moción do PSOE parece expoñer os partidos xudiciais como circunscrición electoral, e podería expoñerse o seu cambio. Sinala que sobre todos estes elementos debería reflexionarse, e anima ao PSOE a que leve esta iniciativa no programa electoral para as vindeiras eleccións xerais, xa que debe ser nas Cortes Xerais onde se aborde esta potencial reforma.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza a súa intervención indicando que poucas veces antes estivo o grupo do PP tan de acordo nunha moción do grupo do PS de G-PSOE nesta Deputación. Engade que non se formula nada novo, xa que esta é unha reivindicación dende hai anos do PP de Ourense e do seu presidente Manuel Baltar, que xa ten expresado en varios foros, como pode comprobarse nas hemerotecas e no libro “Falemos de Ourensanía”. Para isto ven pedindo a modificación da LOREG para, que esta permita a elección directa dos deputados e deputadas provinciais. Sinala que o vindeiro 6 de febreiro realízase en Ourense o pleno da Comisión de Deputacións, Cabidos e Consellos Insulares da FEMP, e que sen dúbida aquí o presidente desta Deputación volverá realizar esta reivindicación, como ven facendo desde hai unha década nas súas intervencións en foros, congresos e outros discursos públicos. Remata indicando que aínda estando de acordo con esta moción do grupo socialista, esta non supón nada novo. O PP de Ourense apoia a elección directa nas deputacións, e isto esixe un candidato, unha campaña electoral e un programa electoral, tal e como ven facendo o PP de Ourense desde hai anos nesta provincia cando chegan as eleccións locais, cousa que non fan outras formacións políticas como o PSOE.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza a súa intervención agradecendo o apoio de todos os grupos políticos a esta iniciativa política, sendo consciente de que a modificación debe tramitarse no Parlamento de Madrid, pero que supón un paso importante que esta cámara inste ao Congreso a tramitar a referida reforma. Agradece o apoio da deputada non adscrita para democratizar o PSOE, lembrándolle que é o partido máis democrático e que ten unha importantísima tradición de primarias para elección de candidatos, salvo supostos excepcionais recollidos nos estatutos desta organización política. Engade que se se puidese realizar a elección directa nesta provincia iríanos moito mellor, e que se tan sequera se fixese unha consulta popular sobre a xestión desta Deputación e do seu presidente o resultado sería un rotundo fracaso para o PP de Ourense. Sobre a intervención do voceiro de DO sinala que moitas das cuestións formuladas exceden esta reivindicación, e que se trata de detalles que non veñen recollidos nesta moción e que se trata de cuestións a resolver posteriormente á aprobación da modificación proposta. En canto á intervención do voceiro do PP sinala que parece que Manuel Baltar é o cerne desta medida, cando como se explica na moción, xa se ven pedindo por determinadas voces desde o 1882 e polo Partido Socialista en particular. Estamos ante unha iniciativa formal, seria, fundamentada e que ten en

conta que se trata dunha modificación para aprobar no Parlamento do Estado, e que o PP de Ourense non é o que a inicia, xa que carece de lexitimidade política para isto.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Brevemente sinala que se hai alguén coherente neste pleno é ela e por unha evidencia moi clara, xa que ela lle dixo non á Presidencia da Deputación, non ao PSOE e non a contratar familiares e amigos nesta institución, e que a incoherencia tería sido ser aceptado as propostas do PSOE para levar a cabo a moción de censura contra o actual goberno provincial. Remata sinalando que no PP pódese alzar a voz cando non se está de acordo pero que o PSOE é unha franquía, como acaba de quedar en evidencia coa elección do candidato á alcaldía da cidade que acaba de facer o PSOE de Ourense, na que o Sr. Villarino tivo que agochar a cabeza.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Intervén para manifestar sobre os plans electorais que presenta o PP de Ourense, lle gustaría saber cantos veciños da provincia os coñecen. Este debate é evidente que debe producirse no Parlamento de Ourense e que ogallá esta aprobación no pleno provincial permita o debate e aprobación no Parlamento do Estado, xa que isto suporía un avance na democracia local. Remata indicando que estría ben a posibilidade de que a veciñanza nos tivese identificados e se fixese unha elección directa pola veciñanza, polo que debemos formular esta iniciativa, e a ver se nos fan caso en Madrid.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): nesta quenda sinala que el fixo posibles propostas a debater e si procede tomar algunhas delas en consideración, e remata indicando que apoiarán esta iniciativa política.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): toma a palabra para sinalar que é facilmente comprobable que esta reivindicación a leva facendo Manuel Baltar desde hai máis de dez anos, e insiste en que están de acordo co fondo desta moción. Sen prexuízo do apoio á moción, pregunta porqué razón a presentan precisamente agora, a escasos meses da realización das eleccións locais. Sobre o BNG indica que estando en contra da existencia destas institucións, tarda un “chis” en pactar o cogoberno nas que poden. Pregunta porqué razón non leva o PSOE esta iniciativa no Parlamento de Madrid, e se se vai a levar ao resto das deputacións do Estado, ou se simplemente se trata de publicidade e propaganda electoral do PSOE de Ourense.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): sinala que algunhas das barbaridades que está a dicir a deputada non adscrita non teñen percorrido ningún, e que ela está marcada pola súa incoherencia política. Lembra que recentemente o Sr. Feijóo lanzou a

proposta de que governe a lista máis votada, e precisamente en Ourense foi el o que impediu que iso sucedese. Engade que outros deputados doutras formacións políticas, como o Sr. Jácome de DO, cualificou a proposta do PP de Ourense de presentar un programa electoral provincial de “la obra de arte de un loco”, e que logo o PP de Ourense vai e pacta con el no Concello de Ourense e nesta Deputación. Engade que o programa electoral do PP de Ourense desta Deputación ten a maioría das súas propostas sen cumprir, polo que estamos ante unha farsa demostrable, dun candidato a quen non pode votar ninguén, e que iso é o que tratamos de mudar con esta moción e iniciativa política do PS de G-PSOE de Ourense. Engade que hoxe todos debemos facer un exercicio de sinceridade, xa que a maioría non estamos aquí para perpetuarnos no poder, e máis alá da vaidade persoal, estamos de acordo para levala para adiante aquí e que logo terá o percorrido que teña noutras institucións.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade (incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. A Deputación Provincial de Ourense insta ao Goberno de España a impulsar unha iniciativa legislativa para a reforma da Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral e de toda aquela lexislación que sexa necesario modificar, para aprobar a elección directa dos deputados e deputadas das corporacións das deputacións provinciais, co obxectivo de fortalecer a representatividade democrática; aumentar a confianza dos cidadáns nestas institucións; para garantir maior transparencia e para impulsar a rendición de contas dos cargos políticos destas institucións.

2. A Deputación Provincial de Ourense insta ao Parlamento de Galicia a solicitar do Goberno central a adopción dun proxecto de lei ou remitirle á Mesa do Congreso unha proposición de lei que impulse a reforma da Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral e de toda aquela lexislación que sexa necesario modificar, para aprobar a elección directa dos deputados e deputadas das corporacións das deputacións provinciais, co obxectivo de fortalecer a representatividade democrática, aumentar a confianza dos cidadáns nestas institucións, para garantir maior transparencia e para impulsar a rendición de contas dos cargos políticos destas institucións.

3. A Deputación Provincial de Ourense insta a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a promover os cambios legislativos que sexan necesarios para aprobar a elección directa dos deputados e deputadas das corporacións das deputacións provinciais, co obxectivo de fortalecer a representatividade democrática, aumentar a confianza dos cidadáns nestas institucións, para garantir maior transparencia e para impulsar a rendición de contas dos cargos políticos destas institucións.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA SOLICITARLLE Á DEPUTACIÓN DE OURENSE AXUDA PARA OS CONCELLOS DA PROVINCIA AFECTADOS POLO TEMPORAL E INUNDACIÓNS.-

O Sr. presidente anuncia que o debate deste punto terá lugar conxuntamente co punto seguinte, e cédelle a palabra en primeiro lugar ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): como introdución sinala que nun pleno como hoxe, case a final de mandato, senón fose polas iniciativas políticas dos grupos da oposición, este pleno estaría case baleiro de contido dada a escasa ou nula capacidade de traballo e de proposta do grupo de goberno, e que esta situación ven dándose xa desde hai varios plenos. Dito isto, procede a presentar a iniciativa política do grupo socialista, presentada o día 3 de xaneiro, e que tiña que ter saído xa do propio goberno. Na moción indica que a provincia de Ourense sufriu nas últimas semanas, intensos e recurrentes episodios de choiva que provocaron inundacións en numerosos municipios. De feito, no que vai do ano hidrolóxico, recolléronse máis de 851 litros por metro cadrado, o que supera a media histórica. Estes temporais deixaron múltiples deterioracións e danos graves en importantes infraestruturas de concellos como A Arnoia, Baños de Molgas, Allariz, Ribadavia ou O Carballiño. As inundacións e correntes de terra danaron infraestruturas, camiños, estradas, construcións públicas e propiedades privadas, polo que é preciso actuar canto antes para restablecer a normalidade. A limpeza e mantemento dos leitos dos ríos e as súas zonas próximas, segundo o acervo normativo de España, corresponde aos concellos e ás restantes entidades locais. Tamén é responsabilidade municipal a restauración da normalidade, no caso de episodios de riadas e outras situacións de emerxencia similares. Pero a inmensa maioría de entidades locais da nosa provincia,

por ser concellos de pequenas dimensións, carecen de capacidade económica e loxística para afrontar tarefas tan complexas. A pesar do seu deber legal de auxilio e cooperación, a Deputación de Ourense continúa no ollo da tormenta, pero pola súa inacción e parálise tralos efectos destes temporais, xa que non ofreceu, *motu proprio*, acción algunha de cooperación aos afectados. As deputacións son entidades que teñen como misión principal, por obriga da lexislación vixente, apoiar aos concellos na prestación de servizos e no desenvolvemento das súas políticas públicas. Neste sentido, o deber de colaboración é fundamental para garantir unha boa xestión dos servizos e do benestar da poboación. Resulta inaceptable a pasividade do goberno provincial ante estas situacións extraordinarias, a pesar das peticións públicas de axuda dos afectados e afectadas. En lugar de proporcionar asistencia e recursos para protexer ás persoas, propiedades e infraestruturas públicas afectadas, a Deputación ourensá, polo de agora, só demostrou falta de liderado e ausencia de compromiso co benestar da veciñanza. Desde o PSdeG-PSOE consideramos necesario que a Deputación Provincial asuma a súa responsabilidade e adopte medidas de cooperación canto antes. En primeiro lugar, para arranxar os importantes e bastos danos ocasionados nas últimas semanas e, en segundo lugar, para tratar de previr futuros desastres similares, co fin de protexer integralmente a nosa poboación e ao noso patrimonio. Isto debería incluír a implementación de plans de continxencia e os investimentos necesarios en infraestruturas de protección e prevención nos concellos con maiores riscos. Polo de agora e a pesar de non contar, na maioría de casos, con recursos propios dabondo para afrontar estas situacións, os concellos están asumir a desfeita en solitario de maneira heroica, despregando todos os seus esforzos para minimizar o impacto das inundacións. Con todo, a magnitude da desfeita superou as súas capacidades. Neste contexto, os e as socialistas queremos solicitar á Deputación de Ourense que colabore con todos os territorios afectados, prestando as axudas económicas, loxísticas e materiais que necesiten para reparar os danos e restablecer a normalidade. A falta de acción e a pasividade non son opcións aceptables cando se trata da seguridade e do benestar da poboación. Entendemos que a Deputación de Ourense é unha institución que si dispón dos medios e recursos necesarios para axudar aos concellos. Por iso agardamos que responda con rapidez e eficacia a esta solicitude, sempre en base a criterios de transparencia, eficacia e equidade, xa que é o seu deber legal. Defendemos que sexa a Deputación, como concello de concellos, quen dea un paso á fronte para ofrecer

esta necesaria axuda ás entidades locais, moi minguadas de recursos económicos e técnicos para afrontar situacións tan complexas. A institución mostrou unha actitude pasiva, a pesar de que urxen medidas concretas detalladas polos municipios. Non podemos permitir que os afectados queden abandonados a súa sorte, xa que esta falta de acción provoca a preocupación de moitos veciños e veciñas, ante a falta de medidas suficientes e eficaces. Desde o PSdeG-PSOE de Ourense queremos dar un paso a fronte para loitar equitativamente polas necesidades de todos os municipios da provincia e de todos os nosos veciños e veciñas, co fin de reclamar fondos públicos e accións concretas, ante unha situación extraordinaria que cómpre emendar. Nin debemos nin podemos ignorar esta desfeita. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a destinar fondos económicos para a colaboración cos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, co fin de proceder á reparación de infraestruturas públicas como estradas, pontes ou camiños, así como para a restauración das edificacións, construcións ou instalacións de calquera tipo. 2. O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a proporcionar material e equipamento aos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, para a limpeza e reparación das zonas afectadas, así como para a protección e seguridade das infraestruturas, construcións ou instalacións en risco de sufrir episodios similares no futuro. 3. O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a prestar colaboración loxística aos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, ofrecendo o uso dos seus vehículos e maquinaria para o transporte, a reparación e a limpeza das zonas, infraestruturas, construcións ou instalacións afectadas. Engade que a segunda parte desta situación ven dada porque o grupo de goberno, tarde, mal, o día 24 de xaneiro, sen falar cos grupos políticos nin convocar unha xunta de portavoces, fai unha nota de prensa na que din que “...a Deputación afonda na colaboración cos concellos para unha resposta aínda máis áxil, eficaz ante situación de emerxencias e catástrofes...”. Pregunta onde estivo a axilidade e a resposta da Deputación para axudar aos concellos da provincia afectados por esta riadas, de calquera cor política, porque ninguén as coñece. Isto é facer trampas, porque esta Deputación estivo e está ausente e os alcaldes do propio PP o din, e a quen realmente lle corresponde ter unha resposta áxil tamén é á Xunta de Galicia, que novamente volve estar ausente, e amosa unha capacidade de xestión nula. Como exemplo

sinala que esta institución a iniciativa do grupo socialista fixo unha dotación para axudar aos concellos na acollida de refuxiados da guerra de Ucraína, e nestes días sae unha orde da Xunta de Galicia para afrontar ese problema, case un ano despois, e cunhas esixencias tremendas. Remata indicando que agarda que se aprobe esta iniciativa política, e lembra que se trata de necesidades imperiosas e urxentes de moitos concellos desta provincia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza sinalando que o grupo socialista pon a venda antes que a ferida, e que bota de menos na súa moción, que se inste a outras AAPP como son o Estado e a Xunta de Galicia. A iniciativa política que presenta o BNG indica que o temporal que asolagou Galiza con vento e choiva deixou múltiples localidades da provincia afectadas con importantes danos ao patrimonio, infraestruturas e mobiliario urbano, así como múltiples incidencias e accidentes. Os danos, dos que en moitos casos aínda se está avaliando a súa magnitude, afectaron a toda a xeografía galega, sendo as provincias de Pontevedra e Ourense as máis afectadas, Pontevedra (195), Ourense (108) incidencias. Un dos principais efectos das fortes choivas foron as crecidas de todos os ríos con desbordes e riadas que xeraron múltiples estragos. Do río Arenteiro ao Támega, pasando polo Avia, o Arnoia e o Miño múltiples concellos víronse sobrepasados pola situación. O río Arenteiro chegou a cubrir casas en Carballiño, o río Carrás abriu fochancas en rúas e minando o subsolo dun tramo de beirarrúas e calzadas. O río Avia deixou abondosos danos nos paseos fluviais de Ribadavia polo arrastre de terras e ao mesmo tempo xerou importantes deterioracións nas áreas recreativas. Os problemas da crecida que xerou o Arnoia, agravados polo arrastre de troncos, terra, árbores e pedras que se viñan acumulando na súa ribeiras, afectou a diversos municipios. En Allariz varias infraestruturas víronse afectadas, desde a piscina municipal, ata pasarelas e áreas recreativas, ademais doutros espazos. En Vilar de Barrio, varias estradas tiveron que ser cortadas, e mesmo algunha poboación se viu incomunicada. No concello de Arnoia pontes de pedra de máis dun século de antigüidade, e pasarelas foron arrasadas, así como pasos de servidume, mobiliario urbano e os camiños circundantes. Tamén foron importantes as afeccións a infraestruturas públicas no Concello de Baños de Molgas. O Sil tamén abandonou o seu leito e ao seu paso polo concello do Barco de Valdeorras, desbordou no tramo do Paseo do Malecón. Onde se tivo que cortar os accesos á canle. Sobre o tramo inferior da principal área recreativa da Vila puideron verse troncos e outros materiais que deixaron os arrastres durante a crecida. O Támega tamén xerou situacións

críticas en Laza, Catrelo do Val, Verín, Monterrei, e Oímbra, onde se chegou a decretar alerta vermella pola Confederación Hidrográfica do Douro. O val verinés padeceu inundacións e cortes de tráfico, varias áreas recreativas destes concellos ficaron inundadas. Incluso o propio Río Miño ao seu paso por Ourense deixou danos nas zonas de ribeira. Todos estes e outros incidentes documentados foron producidas indubidablemente polas fortes choivas do último mes, se cabe aínda máis potente na fin de semana de fin de ano, onde se decretara unha alerta de nivel laranxa por parte das Entidades responsábeis dos servizos de emerxencias. Pero tamén por unha deficiente limpeza e mantemento das canles que favorece os tapóns provocados polo acumulo de troncos, broza, lixo e lodos. Sendo as anteriormente mencionadas, só algunhas das incidencias causadas polo temporal de choiva e vento acontecido na fin de semana de fin de ano, cunha máis que evidente carga económica sobrevida para os orzamentos municipais, compre a implicación das diferentes Administracións para dar apoio aos Concellos afectados. Desde o BNG xa se ten demandado en outras instancias que a Administración Galega e do Goberno Estatal establezan liñas de axuda aos concellos galegos afectados, para que estes podan afrontar os gastos extraordinarios de reparación dos danos das riadas, nun ano xa especialmente complexo para os municipios polo incremento do custe dos insumos municipais, especialmente os enerxéticos. Porén, a implicación destes organismos resulta necesaria, aínda que entendemos que tamén pode verse mellorada coa colaboración da institución Provincial, debido ao cal solicitamos do Pleno a toma dos seguintes acordos: 1. Instar ás Confederacións Hidrográficas do Miño Sil e á do Douro a colaborar na financiación e/ou execución das obras para restaurar e reparar os danos nas infraestruturas públicas dos concellos afectados pola riadas. 2. Instar ao goberno do Estado Español a xerar liñas de axuda a prol dos concellos afectados polas riadas, mediante os mecanismos oportunos, complementarias coas das outras Administracións. 3. Instar á Xunta de Galiza a que recorra aos fondos de continxencia contemplados nos orzamentos de 2023, para apoiar aos concellos afectados polas riadas mediante liñas de axudas exclusivas para este fin, compatibles coas do resto da Administracións. 4. Instar á Deputación de Ourense a abrir unha liña de axudas cos concellos afectados pola riadas. 5. Instar á Confederación Hidrográfica do Miño Sil ao acondicionamento dos ríos baixo a súa xestión co fin de previr no posible, futuras riadas, procedendo á limpeza de sedimentos, maleza e axendando traballos periódicos que eviten a súa acumulación descontrolada

destes elementos no leito dos ríos. Facilitando tamén a xestión sostible dos bosques de ribeira por parte dos propietarios das parcelas lindeiras. 6. Comunicar as Administracións sinaladas nos puntos anteriores a toma destes acordos. Engade que, na súa opinión, a CH non é a responsable do mantemento de canles é algo discutible, xa que o artigo 28.4 da Lei 10/2001 do Plan Hidrolóxico Nacional, xa que hai bastantes sentenzas que indican que isto non é tan sinxelo e que o organismo de conca ten algo que dicir, xa que lle corresponde con carácter xeral, como din varias sentenzas, o deber de conservación e limpeza dos leitos, debendo de xeito motivado, xustificar cando lle corresponde este deber a outra administración como pode ser un concello. Sinala que a Subdelegación do Goberno si contactou co concello de Allariz e indicou unha serie de liñas de axudas ás que se podería optar. Visto o que ten pasado, o grupo do BNG fai as súas demandas tanto á propia Deputación, como á Xunta de Galicia e ao Estado, xa que os concellos teñen que asumir outro reto máis ante esta situación que nos tocou afrontar. Sobre a nota de prensa do PP co programa EmergOU, engade que no concello de Allariz aínda non recibiron ningunha chamada para ver cal é a situación existente. Para rematar sinala que tamén apoiarán e votarán a favor da moción presentada polo grupo socialista, xa que as súas reivindicacións están comprendidas na do seu grupo.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): intervén para amosar o seu apoio ás dúas iniciativas, se ben considera que a moción do Grupo Socialista queda algo curta nas súas reivindicacións ao non recoller as demandas ás administracións autonómica e estatal. Engade que ambas son mocións correctas, que miran pola nosa veciñanza, e polo que votará a favor de ambas. Sobre as verbas do voceiro do PS de G-PSOE sinala que xogaron un partido que perderon, xa que tentaron unha moción de censura con varios pactos e non foron quen de conseguir a maioría necesaria, polo que pide que non mintan á cidadanía e que ela ten whatsapps que evidencian que ela só di a verdade do que aconteceu, e que non contou nin unha soa mentira sobre esa negociación.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): comeza sinalando que votarán a favor das dúas iniciativas políticas, e que ante situacións de emerxencia como estas todas as AAPP teñen que intervir e poñerse a disposición da veciñanza para minimizar os estragos que produce a natureza, tanto con aporte de fondos como con facilitación dos trámites burocráticos necesarios para dar unha resposta eficaz.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): na súa intervención sinala que o seu grupo está de acordo coas dúas mocións presentadas, se ben cunha máis que con outra, xa que a moción socialista bota balóns fóra e só dispara contra a Deputación, deixando fóra ás outras AAPP implicadas, parece que tentando facer electoralismo. Engade que o goberno provincial anda en axudar aos concellos da provincia afectados polas riadas, se ben tamén debemos instar a todas as AAPP implicadas a que colaboren e cooperen ante esta situación. Sinala que lle molesta que se fale do goberno provincial con cualificativos como “inacción” ou “parálise” ante esta situación, xa que esta Deputación, por exemplo, a través do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento que ten adscrito, colaborou nestas circunstancias, e lembrando que esta Deputación é a única de Galicia que cofinancia os GES en doce concellos da provincia, e que eles foron a resposta inmediata nestas situacións de emerxencia vividas a principios de ano. Tamén se deu resposta coa colaboración de maquinaria que se prestou desde o Parque Móbil e de Maquinaria, por exemplo cando o solicitaron concellos como Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, ou Vilamartín de Valdeorras. Semella que o PSOE só quere facer barullo mediático e electoralismo coas súas declaracións. Engade que como xa anunciou o goberno provincial, proximamente porase en marcha o programa EmergOu, destinado á cooperación municipal e dar resposta aos concellos e veciñanza en situación de emerxencias e catástrofes, un plan que incluírá medidas de colaboración de carácter económico, técnico e xurídico cos concellos afectados, e que será un programa que seguiremos a desenvolver no vindeiro mandato. Este plan inclúe catro medidas: posta a disposición de maquinaria e medios humanos para reparacións urxentes, poñer a disposición os equipos técnicos e xurídicos desta Deputación para valoración de danos e solicitudes de axudas, crear un Comité de traballo para desenvolver un plan de infraestruturas e medidas técnicas co fin de mitigar efectos futuros de episodios de emerxencia, e crear un fondo financeiro para atender danos provocados por este e outros tipos de situacións de emerxencia, cunha liña de axudas extraordinaria para reparacións en infraestruturas e instalacións de especial necesidade para a cidadanía.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda comeza indicando que cando cae a chuvia a mares e moitos concellos están inundados, a Deputación debe ter outra actitude e ofrecerlles os seus medios aos concellos afectados, e non quedar a agardar, como así fixo. Sinala que na súa moción non puxeron á CH nin a Xunta de Galicia de forma consciente, porque ese debate xa se produciu antes, e con respecto á CH e á Xunta xa actuou o

grupo socialista e de forma leal, presentando as súas propostas nun dos concellos máis afectados como foi o da Arnoia, que é un concello do PP, e pedindo ao presidente da CH do Miño-Sil que o visitase, e que lle consta que así o vai facer e vai axudar a ese concello. A CH está disposta a colaborar nos traballos de recuperación, tal e como se recolle na prensa destas datas, polo que non hai ningunha dúbida de que o vai facer, e quen se bota en falta é á Xunta de Galicia e nomeadamente esta Deputación. Pregunta se esta Deputación lles fixo algunha chamada aos concellos afectados para interesarse pola situación, preguntando entón onde está a axilidade e a celeridade desta Deputación. Engade que o Goberno do Estado xa preparou unha liña de axudas, como fixo nos supostos de catástrofes por seca, cousa que daquela non fixeron nin Xunta nin Deputación. Engade que o concello de Petín pediu axuda por escrito nesta Deputación, e aínda non se lle prestou colaboración. Sobre a colaboración co concello de Vilamartín de Valdeorras sinala que é evidente que a teñen que prestar xa que se trata dunha estrada provincial. Conclúe que a Deputación non estivo áxil ante esta situación de emerxencia e desde o minuto un o grupo socialista como oposición, está a presentar iniciativas para tentar de paliar esta problemática, polo que non deben molestarse cando alguén responde antes que vostedes presentando iniciativas que tentan de axudar aos concellos e á veciñanza da provincia.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): nesta quenda sinala que el traslada o que lle aconteceu no seu concello, e que o único que se puxo en contacto con el foi a responsable de emerxencias da Subdelegación do Goberno e que lle indicou que na liña de axudas do Estado era preceptivo facer a petición de declaración de zona afectada por emerxencia de Protección Civil, e que non teñen coñecemento doutra liña. Dadas as limitacións orzamentarias dos concellos da nosa provincia o lóxico e que se consiga doutras AAPP supramunicipais unha colaboración económica para poder mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza, e sobre todo porque se trata de obras necesarias para recuperar o existente. Semella que tanto a CH como a Deputación van poñer recursos económicos a disposición dos concellos afectados pola situación de emerxencia, polo que faltaría que a Xunta de Galicia máis pronto que tarde tamén se sume a estas colaboración, e de xeito coordinado coas outras AAPP implicadas, poñan en marcha estas necesarias dotacións económicas para os concellos. Remata agradecendo o respaldo de todos os grupos político á moción do grupo do BNG e reitera o apoio do seu grupo á moción do grupo socialista.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Contestando ao voceiro socialista, sinala que non se goberna só con traer asuntos ao pleno, xa que tamén existen outros órganos como a xunta de goberno ou os deputados delegados. A continuación sinala que no concello de Muíños, por exemplo, non se recibiu ningunha chamada da Subdelegación do Goberno, e lembra que a CH non colaborou economicamente coa reconstrución da ponte sobre o río Xares, e que foi unha proposta do propio grupo provincial socialista, como si fixo esta Deputación. A continuación sinala que o grupo do PP vai votar a favor de ámbalas dúas propostas, do BNG e do Grupo Socialista, se ben a proposta do PSOE, deliberadamente, esquece a outras administracións, como é a do Estado. Lembra que ao día de hoxe o Estado non ten feito efectivo nin un só euro das axudas concedidas polos incendios forestais do pasado verán aos concellos afectados, e que este é o xeito de actuar do goberno do señor Sánchez, que anuncia axudas a “*bombo e platillo*” e aínda non foi quen de cristalizar estas. O goberno galego desde o primeiro momento dixo que non se deixaría de lado aos afectados polos incendios, e a día de hoxe ten pagado máis do 80 % das axudas concedidas, mentres que o Estado ten pagado o 0%, nada máis e nada menos, e sumando a todo isto que a cantidade da Xunta de Galicia supera en máis dun millón de euros á cantidade prometida polo Goberno do Sr. Sánchez. Engade que a Deputación está a traballar para ofrecer solucións aos afectados como explicou ao longo da súa intervención.

- quenda de peche Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que a esquerda neste país sempre trae dereitos para os cidadáns, e que se acaban de subir as pensións máis dun oito por cento, e que grazas ao PSOE se aprobaron dereitos como poder casar con persoas do mesmo sexo, o aborto, a eutanasia ou o divorcio. E mentres tanto a dereita sempre vota a favor de recortar dereitos para a cidadanía. Lembra que nestes anos de pandemia o Goberno do Estado amosou estar á altura das circunstancias axudando a autónomos, empresas e á xente que así o precisou, e con subida do SMI incluída. Sinala que o grupo socialista, con toda a boa intención, presentou esta moción no concello da Arnoia, un dos máis afectados, e con goberno do PP, coa vontade de axudar e de que colaborasen todas as AAPP implicadas, polo que non pasa nada porque o grupo de goberno desta Deputación asuma que chega tarde para responder ante esta situación de emerxencia.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): conclúe dicindo que debemos agardar que outras AAPP teñan en conta que os concellos precisamos axudas para sufragar os danos causadas por estas riadas, e que as fagan efectivas.

- quenda por alusións de Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): toma a palabra para referirse á deputada non adscrita, e trasladarlle o rogo á Presidencia de que cando se toquen aspectos que nada teñen que ver co debate os corte. Sobre o cualificativo de mentireiro que lle fixo a deputada non adscrita dille que se ten a máis mínima proba do que di, por favor que llelas traslade inmediatamente aos medios de comunicación, se é que pode demostrar a súa culpabilidade. Remata sinalando que o PP ven de pedir que governe a lista máis votada, e lembra que o PP de Ourense impediu que isto sucedese na cidade de Ourense, onde o PS de G-PSOE foi a lista máis votada.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 5º e 6º](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade (incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a destinar fondos económicos para a colaboración cos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, co fin de proceder á reparación de infraestruturas públicas como estradas, pontes ou camiños, así como para a restauración das edificacións, construcións ou instalacións de calquera tipo.

2.- O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a proporcionar material e equipamento aos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, para a limpeza e reparación das zonas afectadas, así como para a protección e seguridade das infraestruturas, construcións ou instalacións en risco de sufrir episodios similares no futuro.

3.- O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a prestar colaboración loxística aos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, ofrecendo o uso dos seus vehículos e maquinaria para o transporte, a reparación e a limpeza das zonas, infraestruturas, construcións ou instalacións afectadas.

6º.- MOCIÓN DO BNG PARA APOIO AOS CONCELLOS AFECTADOS POLAS RIADAS.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co punto número 5.

Non se producen intervencións e por unanimidade (incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez), o pleno adopta o seguinte acordo:

1.- O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a destinar fondos económicos para a colaboración cos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, co fin de proceder á reparación de infraestruturas públicas como estradas, pontes ou camiños, así como para a restauración das edificacións, construcións ou instalacións de calquera tipo.

2.- O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a proporcionar material e equipamento aos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, para a limpeza e reparación das zonas afectadas, así como para a protección e seguridade das infraestruturas, construcións ou instalacións en risco de sufrir episodios similares no futuro.

3.- O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a prestar colaboración loxística aos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, ofrecendo o uso dos seus vehículos e maquinaria para o transporte, a reparación e a limpeza das zonas, infraestruturas, construcións ou instalacións afectadas.

7º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da súa urxencia, por non figurar na orde do día, tratouse o seguinte asunto:

7ºA.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, PARA O EXERCICIO 2023.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez), do Grupo Socialista (9), de DO (1), e da deputada non adscrita, e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2023, conforme co proxecto aprobado pola Asemblea do Consorcio o 23 de xaneiro de 2023, por importe de 1.865.000,00 €, co seguinte resumo por capítulos:

Estado de gastos

Capítulo 1	Gastos de persoal	450.058,59 €
Capítulo 2	Gastos bens correntes e servizos	1.381.958,10 €
Capítulo 3	Gastos financeiros	3.000,00 €
Capítulo 6	Investimentos reais	29.983,31 €
Total gastos		1.865.000,00 €

Estado de ingresos		
Capítulo 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.345.000,00 €
Capítulo 4	Transferencias correntes	520.000,00 €
Total ingresos		1.865.000,00 €

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerarase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2023.

8º.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de decembro de 2022.

Os membros da Corporación quedan informados.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Bernardo Varela (BNG), di que as antigas oficinas do Inorde, ao carón do centro cultural Marcos Valcárcel, atópanse actualmente sen uso tras o traslado do Inorde. Pregunta: ¿existe algún problema para que non poidan ser empregadas? ¿Tense explorado a posibilidade de que este espazo tan céntrico de Ourense volva estar operativo, co que foi o seu uso ata o de agora ou algún outro uso?

O Sr. presidente dá lectura ao informe técnico emitido pola arquitecta da Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, dona Eva Reza Paz, sobre o estado de avance no proceso de reforma interior do edificio para albergar a colección visitable de Florencio Arboiro: é obxecto do presente informe técnico transmitir o estado de avance no proceso de reforma interior de edificio sito no n.º 28 da rúa Progreso da cidade de Ourense para albergar a colección visitable de Florencio Arboiro, composta de rodas de afiar, bicicletas, motocicletas e outro aparellos. En febreiro do ano 2020, redáctase o anteproxecto de reforma interior de edificio para albergar a colección visitable de Florencio Arboiro, no que se esbozan as obras necesarias para este cometido. O edificio ten unha superficie construída de 366,00 m² e dispón na actualidade de tres oficinas, unha zona de administración, un almacén, unha caixa forte e uns aseos en planta baixa e dúas oficinas, unha zona de administración, un almacén, un cuarto de instalación e uns aseos en planta primeira. Os obxectivos principais da proposta de reforma interior do edificio son a creación de espazos expositivos mediante a introdución de técnicas adecuadas e de novas tecnoloxías. O programa de necesidades comprende un área de información onde se informará sobre a colección, un área de exhibición e arquivo conxuntas, un lugar de contemplación e coñecemento e un área de servicios, con aseos, almacén, cuarto de instalacións e cuarto de limpeza. O avance de orzamento xeral das obras de reforma interior do edificio ascende a 208.230,98 € (IVE incluído), tal e como se recolle no anteproxecto redactado. O calendario de traballo, interrompido pola pandemia, continúa coa redacción do proxecto básico e de execución, a solicitude e concesión do título habilitante

municipal, a contratación e a execución das obras, así como a elaboración da certificación de final de obra, a documentación de seguimento e de obra executada. Nestes momentos estase a redactar o proxecto básico e de execución con medios propios da Deputación Provincial e as instalacións están sendo utilizadas para o inventariado, catalogación e fotografado dos fondos artísticos da Fundación Santamarina.

Susana Rodríguez (Grupo Socialista), di que unha vez máis este noso grupo provincial socialista ten que recorrer ás preguntas por escrito para poder recibir resposta e información a cuestións que presentamos nas comisións informativas, xas que a pesar de que neste caso existir unha resolución da Presidencia, asinada con data 22 de decembro de 2022, e posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia o luns 16 de xaneiro, sobre o “programa de desenvolvemento do turismo deportivo a través da náutica na provincia de Ourense: NauticOU”, desde a presidencia da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente non se nos deu resposta ás cuestións formuladas que agora reiteramos: ¿cales son as actividades previstas para realizar neste programa? ¿cal é a data de inicio da posta en marcha deste programa? ¿cal será o orzamento?.

O Sr. presidente di que as referidas preguntas foron formuladas pola deputada na comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 18 de xaneiro de 2023. As actividades previstas para realizar neste programa son as que figuran na resolución que vostede menciona de data 22 de decembro (resolución 2022/14663). O programa NauticOU ten como finalidade crear nos embalses da provincia unha oferta definida e estruturada capaz de desenvolver proxectos en torno á náutica que atraian turismo de calidade, xeren actividade e emprego e contribúan así a frear a despoboación. Para isto é preciso realizar unha planificación que deseñe, desenvolva e coordine ese programa e os diferentes proxectos nos embalses da provincia coas mellores condicións para isto, aproveitando adecuadamente as características de cada lugar. A selección das diferentes localizacións debe estar en función de factores condicionantes, como poden ser as vías de comunicación, as normativas de navegación e medioambientais, existencia de núcleos de poboación próximos, instalación, infraestruturas ou oferta de servizos entre outros. Isto determinará que actividades ou servizos se deben promover en cada lugar para aproveitar ao máximo as súas posibilidades. Fases para a posta en marcha do programa: 1ª fase: planificación, contratación dun técnico en xestión deportiva con experiencia en actividades náuticas. Deseño do Programa "NauticOU" por parte

do técnico contratado. Selección de localizacións iniciais e proposta de proxectos para as elas. Presentación a cada concello da proposta deseñada. 2ª fase: execución a nivel municipal. Busca de posibles colaboradores e de financiamento. Adquisición dos equipamentos e/ou materiais necesarios. Contratación do persoal necesario. Inicio da actividade. 3ª fase: seguimento e avaliación. Coordinación e supervisión dos proxectos postos en marcha en cada lugar. Avaliación do funcionamento. Valoración da posible ampliación do programa. A execución deste programa non poderá ter unha duración a tres anos. Queda patente a oportunidade que supón para a provincia de Ourense o aproveitamento sostible dos seus recursos naturais a través de iniciativas como a exposta, con potencial demostrado para contribuír á cohesión territorial, xerando emprego, mellorando a oferta de servizos e a calidade de vida en zonas rurais que permitan asentar poboación entorno a este tipo de programas. Trátase dun programa para os concellos para que poidan desenvolver proxectos realistas, deseñados en función das características e posibilidades de cada lugar ao amparo dunha correcta planificación e co apoio da entidade provincial, evitando así a posta en marcha de proxectos illados e sen proxección, Este programa dá a forma necesaria e definitiva á parte acuática da estratexia da Deputación de Ourense de xerar o “ecosistema deportivo” que se foi consolidando nos últimos anos con diferentes proxectos e accións en torno ao deporte e a natureza hasta chegar á celebración da Coupe da Jeunesse de Remo en Castrelo de Miño, o primeiro evento náutico internacional e oficial que acollerá a provincia. Este momento é un punto de inflexión do que nace o programa NauticOU como ferramenta de xestión para o futuro do turismo deportivo na provincia. Neste intre o programa está na primeira fase. No Boletín Oficial da Provincia número 20, do 25 de xaneiro de 2023, publicouse a convocatoria e bases reguladoras para a selección, como persoal funcionario interino, dun/dunha técnico/a en xestión deportiva (subgrupo A1) para o desenvolvemento do Programa NauticOU.

Elvira Lama (Grupo Socialista) di que en xaneiro do pasado ano 2022, presentaba esta Deputación Provincial de Ourense un proxecto piloto con inhibidores da fauna para reducir accidentes con animais salvaxes nas estradas provinciais, cun orzamento de case 50.000 euros e a desenvolver en 500 quilómetros de oito vías provinciais que discorren por 14 concellos. Tendo en conta que segundo os recentemente publicados datos da Dirección Xeral de Tráfico, na nosa provincia contabilizáronse máis de 1.600 sinistros atribuídos a animais na calzada, un dato que supón un aumento no pasado ano 2022 dun 13,6% con respecto ao ano anterior

2021. ¿cales foron os resultados deste plan piloto? ¿cos datos obtidos nas estradas a proba, consideran que o plan funcionou? ¿vaise manter ou estender, tal e como se comprometeu o presidente da Deputación no caso de que o sistema resultase eficaz?

O Sr. presidente dá lectura ao informe emitido pola directora da Área de Infraestruturas, no seguinte sentido: primeiro, sobre cales foron os resultados do plan piloto. Con data 28/0/2021 foi asinado un contrato entre a Deputación Provincial de Ourense e SEANTO SL, para a realización da obra “*Seguridad vial: colocación de inhibidores de fauna, n.º 22/16/2021. Varios ayuntamientos*”. A actuación consistía na aplicación dun repelente de fauna salvaxe en 65 quilómetros da rede de estradas provincial, que se aplicou durante un ano unha vez ao trimestre en ambas marxes, e na colocación de disuasorios por ultrasons. Ambos eran sistemas que o mercado presentaba como innovadores para evitar os cruzamentos de xabarís nas estradas e foron probados pola Deputación en puntos da rede provincial nos que nunha análise de accidentabilidade previa reflectiu maior probabilidade de sufrir un accidente por atropelo de animal salvaxe. O ano de avaliación foi o 2022. Para aplicación de repelentes as estradas testadas foron: OU-0209 Celanova (OU-531) - Leirado (OU-0210). OU-1103 Vilar de Barrio - Os Milagres (OU-0103). OU-1105 Porto Alto (N-525) – Sarreaus OU-1107 Xinzo (OU-302) –Cualedro. OU-1112 Xinzo (OU-301) - Calvos de Randín. OU-1117 Xinzo (N-525) - Vilar de Barrio. (OU-1102) OU-1212 Bande (OU-540) – Portugal. Os inhibidores acústicos por ultrasons foron colocados na estrada OU-1021 Verín (N-525) - Arcucelos (OU-113). Os resultados, segundo a información facilitada pola Dirección Xeral de Tráfico o 6/10/2022 (tres primeiros trimestres do ano 2022) , son os que se achegan como anexo a este informe. Segundo ¿cos datos obtidos nas estradas a proba, considérase que o plan funcionou? No caso dos inhibidores acústicos o sistema non funcionou, pero o repelente no terceiro trimestre si parecía frear levemente o número de accidentes. Para unha análise completa é necesario contar cos datos de accidentalidade dos catro trimestres do ano 2022. Terceiro ¿vaise manter ou estender, tal e como se comprometeu o presidente da Deputación no caso de que os sistema resultase eficaz? De resultar eficaz sería conveniente seguir aplicando o sistema e estendelo a toda a rede provincial para limitar o número de accidentes por atropelo de animais soltos, que é a tipoloxía máis frecuente de accidente na rede provincial. É importante subliñar que a porcentaxe de accidentes por atropelo de animais soltos no total de accidentes na rede provincial vense incrementando anualmente dende o ano 2015, pasando dun 35% (ano

2015) a máis do 55% (ano 2021). Tendo en conta que nesta franxa temporal 2015-2021 o tráfico permaneceu practicamente constante, parece obvio concluír que hai máis accidentes porque a poboación de xabaris está a crecer de xeito incontrolado.

Margarita Pérez (Grupo Socialista), di que agardan que no vindeiro mes de febreiro esta Deputación Provincial publique as “bases reguladoras dos programas BenOurense 2023” e novamente, como xa ven facendo o noso grupo provincial en exercicios anteriores, solicitamos un incremento necesario das contía económicas de cada un destes plans. Lembramos que na Comisión de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do pasado 20 de xaneiro de 2022, o daquela presidente dela, Plácido Álvarez, manifestaba que “tomaba nota das nosas achegas sobre a ampliación de fondos e que era partidario de que estes asuntos teñan prioridade sobre as obras”, engadindo tamén que as bases que daquela se levaban a aprobación “non era xa posible modificar a contía económica destinada a cada programa, pero indicaba que a ver se era posible facelo a través dunha modificación de crédito”. Modificacións de crédito houbo moitas e de moi altas contías, pero para estes programa nin un só euro de aumento. ¿Terán por fin os programas BenOurense 2023 os aumentos orzamentarios comprometidos para poder así atender as moitas necesidades que os nosos concellos teñen nestas materias? ¿Haberá modificacións nas súas bases para adecuar os criterios de reparto dun xeito máis axeitado en relación a poboación e usuarios en cada concello?

O Sr. presidente di que si, que haberá orzamento comprometidos para atender esas necesidades. En canto ás bases di que están na fase de redacción, teñen asignadas no orzamento publicado do ano 2023 as contías económicas seguintes nas aplicacións orzamentarias que se indica: 2311146200, 1.200.000 euros; 2311146201, 210.000 euros. En relación cos criterios de reparto, as bases reguladoras dos anos anteriores fixaban como tales os seguintes: poboación, clasificación dos municipios en relación co seu nivel de reto demográfico (4 niveis). Normativa autonómica de clasificación dos municipios en urbanos, semiurbanos, rurais e rurais de alta dispersión. Na actual fase de redacción das bases reguladoras 2023 estanse analizando os criterios de reparto e os datos que se contemplarán nelas, en consonancia cos criterios marcados pola Xunta de Galicia.

Bernardo Varela (BNG), di que onte presentaron en rexistro unha pregunta, pero chegaron tarde, en relación cun mail que lles chegou onte, que ten que ver co accionariado do Club Ourense Baloncesto, no que un dos accionistas lles di que houbo movemento accionarial fóra de tempo, queren saber se isto é así, e queren saber en que situación se atopa neste momento a participación da Deputación Provincial no accionariado do dito club. En concreto indicábaselles que houbera unha transferencia de accións por parte de don José Luis Baltar Pumar a esta institución. Queren saber se isto é así, se a transferencia foi gratuíta ou foi monetarizada, se existiu algún acordo económico entre o Sr. Baltar Pumar e a Deputación de Ourense, cando foi feita esta transferencia de accións (xa que no mail se di que non foi rexistrada no seu momento), en que punto se atopa agora mesmo a participación da Deputación de Ourense no accionariado en no Consello de Administración do COB. Todo isto porque o que se reflexa no mail que nos trasladan, é que a Deputación de Ourense non podía ter participado nas xuntas de accionistas nas que participou e dalgunha forma se sacou desa xunta accionarial o accionista maioritario na actualidade do COB.

O Sr. presidente di que dada a hora na que se presentou por rexistro, están a recompilar datos para a resposta, que lle será comunicada igual que ao resto dos grupos.

Aurentino Alonso (do Grupo Socialista), di que a súa pregunta ía na mesma liña, xa que onte tamén recibiron a información con respecto á situación accionarial da Deputación. A pregunta era se lle consta á Deputación Provincial de Ourense, como un dos accionistas maioritarios da entidade, se a ampliación de capital levada a cabo no Club Ourense Baloncesto foi comunicada en debida forma ao Consello Superior de Deportes. Solicitan un informe xurídico sobre as consecuencias que podería ter para esta Deputación Provincial o incumprimento á hora de comunicar en tempo e forma a ampliación de capital do Club Ourense Baloncesto ao Consello Superior de Deportes. Solicitan tamén que se lles facilite copia de todas as operacións e transmisións en virtude das cales a Deputación de Ourense se fixo coas accións que actualmente posúe do Club Ourense Baloncesto. Por outra banda, e xa que no debate anterior saíu a súa postura no pleno do Consorcio de Incendios. Di que se abstivo porque no pleno de onte, e despois de tres anos, aínda no seu adoptou a decisión definitiva da xestión directa. Lembra que o 2.7.2020 houbo un pleno do Consorcio de Incendios no que se iniciou o expediente para determinar a forma de xestión, e lévanse tres anos a aínda non se acordou definitivamente a xestión. O próximo 1 de febreiro remata a xestión de xeito improrrogable

(dato que xa se sabía hai máis dun ano). O que se formulaba onte era asumir transitoriamente, con data 1 de febreiro, a xestión directa do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento. Esta asunción transitoria da xestión directa do servizo producirase durante o tempo necesario ata que remate a tramitación do modelo de xestión e se proceda ao acordo definitivo sobre a xestión directa. Pensa que se tivo tempo suficiente para tomar esta decisión antes de que rematase o día 1 de febreiro deste ano a concesión, polo tanto o motivo da abstención está claro.

O Sr. presidente di que en relación co COB lle remitirá cumprida información. Toma nota da postura para que quede clara a súa abstención no pleno do Consorcio.

Rosario Rodríguez (do Grupo Socialista), di que esta mañá se atopou cun cartel nas máquinas expendedoras de bebidas que dicía que o servizo quedaba suspendido ata que se resolva a adjudicación do dito servizo para os próximos catro anos. Imaxina que o mesmo que pasa con esta máquina pasará con todas as que pertencen a este ente. Pensa que non é unha medida que sexa ben acollida polos usuarios (ela medio se enfadou), polo que roga que se licite canto antes e que a Deputación poña todo da súa parte para que non quede deserto.

O Sr. presidente toma nota do rogo.

Ignacio Gómez (do Grupo Socialista), di que este ano Ribadavia vai acoller a sesenta edición da Feira do Viño do Ribeiro. Pensa que non é unha cuestión menor. É verdade que optan a subvencións do Inorde. A pregunta (que quere que se transforme tamén en rogo) é que desde Ribadavia piden se a Deputación vai ter a ben prestar colaboración neste evento tan importante como é o sesenta aniversario.

O Sr. presidente di que se manifestan a favor e que terán en consideración eses sesenta anos, como se fixo nas edicións anteriores, colaborando como se merece.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/ILEeb2nMkkRkK4eYBn8z2FYfjSwnN9fzWDLsufz4kOCNsKJ.wmv>

SHA512

1c8d55920774a285afd8ae3a5a3267ea90c2d557338890053e429adf903de6da4e552d4
caa6af824b3f13269d617d6d9ea61f3a6abf391a78568917d559d0f3f

E, ás 13.06 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.